

SEPE

Concurso da Unidade de Apoio en Ferrol

30/10/2025

DEREITOS LINGÜÍSTICOS NOS CONCURSOS DE TRASLADOS DO SEPE

A CIG vén de escalar o seu conflito co SEPE por mor da discriminación da lingua galega no próximo concurso de traslados.

Tras ver rexeitadas as nosas alegacións ao borrador do concurso de postos da Unidade de Apoio en Ferrol dirixímonos directamente á Ministra de Traballo e Economía Social, **Yolanda Díaz**, para esixir a inclusión da valoración do coñecemento do galego como mérito en, a lo menos, dous postos do próximo concurso de traslados.

O motivo do conflito é a creación da **Unidade de Apoio do SEPE** con sede en Ferrol, que xestionará a interpretación e aplicación da normativa, o recoñecemento, tramitación e control de prestacións por desemprego e a atención ao público.

O borrador do concurso de traslados para a provisión destes posto non inclúe a valoración do coñecemento do galego, a diferenza do resto de concursos onde se convocan postos con atención directa de oficina.

A CIG alertou de que, dado que esta Unidade prestará servizo á cidadanía galega (ademais de tramitar expedientes de España), a Administración debe contar con persoal con capacitación lingüística para atender e tramitar expedientes nas diferentes linguas cooficiais.

Nas nosas alegacións presentadas no SEPE, argumentamos que:

- As funcións dos postos convocados encaixan directamente nos supostos da Orde Ministerial de 1990 que regula esta materia. Nesa Orde, establécese que o coñecemento da lingua oficial propia debe valorarse, entre outros, nos postos con relación directa coa información ao público.
- Para a CIG, valorar o galego é un requisito de legalidade para garantir o dereito da cidadanía a dirixirse á Administración na súa lingua cooficial.

Con todo, o SEPE rexeitou as alegacións argumentando que a Unidade atenderá a persoas de toda España.

Batalla xudicial e o chamamento á Ministra.

Ante o rexeitamento, a CIG ve a vía xudicial como un último recurso e opta por solicitar á máxima responsable do Departamento que instrúa ao SEPE para que a convocatoria

dos postos da Unidade de Apoio en Ferrol recolla, entre os seus méritos a valorar, o “coñecemento da lingua galega”, en a lo menos dous dos 20 postos convocados, garantindo así o pleno dereito da cidadanía a relacionarse coa Administración no seu idioma cooficial.

Agardamos agora a resposta da Ministra. A decisión final sobre a inclusión do galego nos méritos valorables esta, polo tanto, no seu despacho.